

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVOCATORIA DE ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN

EXPEDIENTE: 2023/S012/000004

ANTECEDENTES:

No programa de conciliación municipal 2023 "Plan Corresponsable, bolsa de cuidados Corcubión Concilia", inclúese a actividade de Tempo de Lecer ++ Facémonos Maiores, para facilitar a conciliación no tempo no lectivo das familias con menores dende 11 a 15 anos.

Tendo previsto levar a cabo esta actividades dende o 1 ao 13 de agosto, en horario de luns a mércores de 11 a 13 horas, cómpre abrir un período de inscrición así co mo establecer as bases de adxudicación das 20 prazas ofertadas.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Abrir un prazo de inscrición dende o 26 de xullo ata a cobertura das 20 prazas convocadas. para levar a cabo a actividade de Tempo de Lecer ++ facémonos maiores, que ten como destinatarias ás e aos menores de entre 11 e 15 anos, a través da Sede Electrónica ou nas oficinas municipais.

SEGUNDO: Establecer como poboación destinataria e por esta orde: A) os e as menores empadroados; B) os as menores que residen temporalmente no período vacacional con familiares empadronados.

TERCEIRO: De darse a situación de que haxa máis solicitudes que prazas, aplicaranse os seguintes criterios: A) Os criterios establecidos no artigo 6.1 da Resolución do 20 de abril de 2023, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG núm.: 87/2023 do 8/05). B) Por orde de inscrición.

CUARTO: Publicar o presente Decreto na web e no taboleiros de anuncios, así como dara traslado aos departamentos implicados e ao Pleno da Corporación.

Acorda e asina dixitalmente o Alcalde Francisco Javier Domínguez Traba en Corcubión, na data que consta á marxe, do que, eu Ana María Reyes Cambre, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 do 16 de marzo).